



Circular informativa ás familias

Asunto: VIAXES DE ESTUDOS

Estivemos xestionando coas axencias a devolución do importe abonado polas familias para o pago das viaxes de estudo.

A axencia Kanvoy xa devolveu o importe da viaxe a Portugal, excepto 10€ non reembolsables correspondentes ao seguro de cancelación.

Polo que respecta aos outros tres viaxes, Roma , Londres e París, a situación é complicada porque a axencia Embaixador está pendente de recibir os abonos dos provedores en destino. Todos eles facilitaban o cambio de datas das viaxes, algo que non aceptamos.

Doutra banda, as compañías aéreas resístense a devolver o diñeiro, ofrecendo bonos a cambio. Embaixador comprometeuse por escrito a devolver o diñeiro das compañías aéreas en canto estas empecen a pagalo. As últimas noticias son que empezarán a pagar proximamente, pero, ao non obrigarlles o goberno a facelo, están a dilatalo.

Por todo isto, as viaxes quedan da seguinte maneira:

VIAXE A LONDRES

Embajador devolverá nun primeiro reembolso, o importe abonado a excepción de:

55€ por alumno/a ás persoas sen seguro de cancelación, ou 70€ ás que contrataran o seguro de cancelación. Estes gastos non son reembolsables.

40€ que corresponden a gastos da compañía aérea. Vueling emitirá un bono por este importe para cada alumno/a que poderán usar nunha viaxe que fagan como grupo escolar durante o ano 2021 antes do 20 de abril, a calquera destino que opera a compañía e nunha viaxe mediado pola axencia Embajador.

Eses 40€ se reembolsarían cando a compañía aérea devolva o diñeiro, se non fora consumido o bono.

VIAXE A ROMA:

Embajador devolverá nun primeiro reembolso, o importe abonado a excepción de:

110€ correspondentes a gastos de cancelación do seguro e do provedor en Roma, ou 125€ en caso de ter adquirido o seguro opcional. Estes gastos non son reembolsables.

250€ que corresponden a gastos da compañía aérea. Vueling emitirá un bono por este importe para cada alumno/a que poderán usar nunha viaxe que fagan como grupo escolar durante o ano 2021 antes do 27 de marzo, a calquera destino que opera a compañía e nunha viaxe mediado pola axencia Embajador.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E
ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
IES Eduardo Blanco Amor - Culleredo



Cordeda s/n 15174 Culleredo. A Coruña
Tlf.: 881 960347 – Fax.: 881 960356
ies.blanco.amor.culleredo@edu.xunta.es
centros.edu.xunta.es/iesblancoamor



Eses 250€ se reembolsarían cando a compañía aérea devolva o diñeiro, se non fora consumido o bono.

VIAXE A PARIS

Embajador devolverá nun primeiro reembolso, o importe abonado a excepción de:

200€ correspondentes a gastos de cancelación co proveedor de París e a parte proporcional da cancelación con Iberia, ou 215€ en caso de ter adquirido o seguro opcional. Estes gastos non son reembolsables.

70€ que corresponden a gastos da compañía aérea. Vueling emitirá un bono por este importe para cada alumno/a que poderán usar nunha viaxe que fagan como grupo escolar durante o ano 2021 antes do 29 de marzo, a calquera destino que opera a compañía e nunha viaxe mediado pola axencia Embajador.

Eses 70€ se reembolsarían cando a compañía aérea devolva o diñeiro, se non fora consumido o bono.

PROCEDEMENTO PARA O ABONO

O goberno autoriza ás axencias (R.D 11/2020 de 31 de marzo) a emitir un bono para devolver os cartos aos clientes , no prazo de un ano dende a finalización do estado de alarma.

No caso de Embajador, o reembolso se faría por transferencia bancaria no prazo de 60 días desde o fin do estado de alarma.

Para solicitar que se lles devolva o diñeiro establecido nesta circular, deberán facilitarnos os seguintes datos: DESTINO DA VIAXE anulada de que se trata, NOME, APELIDOS, TELÉFONO, DOMICILIO e unha DIRECCIÓN DE CORREO ELECTRÓNICO válida, que entregaremos á axencia para que así se podan poñer en contacto con vostedes. Para facelo deberán cubrir o seguinte **FORMULARIO**.

No referente ao importe recadado pola venta de rifas, quedará no seu poder, aínda que no se teña realizado a viaxe, esperando lles poida servir de alivio polo diñeiro que non van poder recuperar.

Lamentamos enormemente todos estes perxuizos. Á pena de que os seus fillos non puideran disfrutar da viaxe únese o feito de non poder recuperar a totalidade dos cartos adiantados.

Para calquera consulta, non dubiden en poñerse en contacto connosco a través do correo do centro: ies.blanco.amor.culleredo@edu.xunta.es á atención da directora.

Atentamente

A directora,

Carmen R-Trelles Astruga